XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

galicia

REXISTRO XERAL DA XUNTA DE GALICIA
REXISTRO XERAL
SANTIAGO DE COMPOSTELA
Data 10/05/2016 10:39:10
SAÍDA 51137 / RX 648564

ANA ISABEL VÁZQUEZ LOJO
ASOCIACIÓN LIGA REUMATOLOXICA GALEGA LOITA CONTRA O REUMATISMO LIREGA
Rúa Benela, Centro Cívico s/n
15010 A Coruña

Asunto: Resolución de inscrición de Xunta Directiva.

Con data 07/04/2016 recibiuse solicitude de inscrición da modificación da xunta directiva, formulada por D/Dona DANIEL CASTIÑEIRA ÍÑIGUEZ en nome e representación da **ASOCIACIÓN LIGA REUMATOLOXICA GALEGA LOITA CONTRA O REUMATISMO LIREGA**, inscrita no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, co **núm. 2004/007566-1ª**, e tendo en conta os seguintes FEITOS:

Primeiro. Xunto coa solicitude presentouse acta ou certificación do acordo adoptado pola Asemblea Xeral da asociación de 05/03/2016, na que consta a identidade dos dos novos titulares da Xunta Directiva ou órgano de representación da entidade, e os seus respectivos cargos, coa seguinte composición:

ÓRGANO DE GOBERNO	NOME E APELIDOS
PRESIDENTA	ANA ISABEL VÁZQUEZ LOJO
VICEPRESIDENTE	XOSÉ LOIS ROMERO DOCAMPO
SECRETARIA	CATHERINE VAN RIEL
TESOUREIRA	PATRICIA VÁZQUEZ LOJO
VOGAL	MARÍA ANTONIA POMBO NOVIO
VOGAL	MARÍA ISABEL CABADO GONZÁLEZ
VOGAL	ADRIANA SIERRA MOURÓN
VOGAL	ENCARNACIÓN LÓPEZ DIOS

CONSIDERACIÓNS LEGAIS

Primeiro. O artigo 22 da Constitución española recoñece o dereito de asociación, a Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo reguladora do dereito de asociación, recoñece e regula o dereito de asociación e o Real decreto 949/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Regulamento do Rexistro Nacional de Asociacións, establece os requisitos substantivos e de carácter formal que deben cumprir este tipo de entidades para seren inscritas.

Segundo.O Decreto 336/1996, do 13 de setembro, da Xunta de Galicia, sobre asunción de funcións e servizos pola Comunidade Autónoma de Galicia en materia de asociacións, e o Decreto 276/1997, do 25 de setembro, polo que se crea o Rexistro Central de Asociacións e se regula a organización e o funcionamento dos rexistros de asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, determinan a competencia rexistral desta Administración en materia de asociacións.

Terceiro. En aplicación desta normativa, unha vez examinada a documentación incorporada ao expediente, considérase que cumpre os requisitos establecidos na normativa para a súa inscrición no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma.

Cuarto. Esta Secretaría Xeral Técnica é competente para resolver este procedemento, en virtude do Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Vistos os preceptos legais citados e demais normas de xeral aplicación, PROPOÑO:

Inscribir os titulares da xunta directiva ou órgano de representación da ASOCIACIÓN LIGA REUMATOLOXICA GALEGA LOITA CONTRA O REUMATISMO LIREGA de conformidade co expresado no feito primeiro desta resolución, e depositar no Rexistro a documentación preceptiva para os efectos de publicidade previstos no artigo 22 da Constitución. Esta inscrición non exonera os interesados do cumprimento da normativa vixente reguladora das actividades necesarias para o desenvolvemento dos fins estatutarios.

Contra a presente resolución, que non esgota a vía administrativa, poderá interpoñer recurso de alzada ante o vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no prazo dun mes, de acordo co disposto na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Santiago de Compostela, 6 de maio de 2016

A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas

Mª Amadora Rodríguez Carreira

V° e prace:
O subdirector xeral de Réxime Xurídico

José Ramón Pardo Cabarcos

RESOLVO: de conformidade coa proposta que antecede
A secretaria xeral técnica

Beatriz Cuiña Barja